XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tflno. 881 93 03 50
ies.telleiras@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras

IES As Telleiras

# Presentación da materia

| Materia | Lingua Castelá e Literatura | Curso | 1º BAC |
|---|---|---|---|

## CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

| | |
|---|---|
| 1ª Avaliación | **1. Comprensión oral e escrita:**<br>- Análise de textos orais e escritos: o feito comunicativo. Comprensión oral e escrita. Selección da información máis importante.<br>- Coherencia, cohesión e adecuación. Uso de recursos lingüísticos en textos orais e escritos: uso de conectores e procedementos léxico-semánticos que axudan á cohesión do texto. Utilización de signos de puntuación como mecanismo organizador.<br>- O resumo: textos argumentativos.<br>**2. As linguas e os seus falantes:** as linguas en España: diacronía e sincronía<br>**3.- Coñecemento da lingua**<br>- A estrutura da lingua:<br>- A lingua e os seus niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintatico e semántico.<br>- A palabra e os seus constituíntes. Procedementos de formación das palabras.<br>- As relacións semánticas. Os cambios semánticos.<br>**4.- Literatura**<br>- A literatura medieval.<br>- A literatura do S. XV. |
| 2ª Avaliación | **1.- Comprensión oral e escrita:**<br>- Xéneros discursivos do ámbito social.<br>- O resumo e o comentario crítico: textos argumentativos.<br>**2. As linguas e os seus falantes:**<br>- As variedades dialectais do español de España e América.<br>**3.- Coñecemento da lingua**<br>- As clases de palabras: substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes, adverbios, preposicións e conxuncións.<br>- O verbo. Valores dos tempos verbais. As perífrasis verbais.<br>**4. Literatura:**<br>- O Renacemento:<br>- A lírica.<br>- A prosa.<br>- Miguel de Cervantes. |
| 3ª Avaliación | 1. **Comprensión oral e escrita:**<br>- Xéneros discursivos do ámbito educativo. Os textos académicos.<br>- O resumo e o comentario crítico: textos argumentativos.<br>**2. As linguas e os seus falantes:**<br>- Bilingüismo, préstamos e interferencias. A diglosia lingüística e dialectal.<br>- Linguas minoritarias e linguas minorizadas.<br>**3.- Coñecemento da lingua**<br>- Os sintagmas. A oración simple: funcións sintácticas e clasificación. |

| | |
|---|---|
| | - Valores de "Se".<br>**4.- Literatura:**<br>- O Barroco: poesía e teatro.<br>- A literatura do século XVIII: prosa e teatro.<br>- O século XIX.  O romanticismo: poesía, prosa e teatro. |

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1. **Instrumentos:**

| | |
|---|---|
| Probas escritas | 90% |
| Lecturas obrigatorias | 10% |

A materia é acumulativa e non existen exames de recuperación, pero si preguntas referidas aos temas dos trimestres anteriores.

Realizaranse dous exames en cada avaliación sobre os contidos estudados, tanto de comprensión e redacción de textos coma de coñecemento da lingua e da literatura.

Poderá descontarse ata 1 punto pola incorrección ortográfica ou por erros continuados na utilización dos signos de puntuación ou na redacción. Descontarase 0.1 punto por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico, e 0.1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran).

LECTURAS OBRIGATORIAS:

- 1ª  Avaliación: *El manuscrito de piedra,* Luis García Jambrina.
- 2ª  Avaliación: *Lazarillo de Tormes,* Anónimo.
- 3ª Avaliación: *La tribuna,* de Emilia Pardo Bazán.

As lecturas serán avaliadas nos exames con preguntas de comprobación da lectura e de comprensión da mesma.

2. **Procedementos de avaliación:**

A nota da avaliación sairá da media ponderada das notas dos dous exames de avaliación: o 1º exame vale o 40% e o 2º, o 60%.

A nota final da materia será a media ponderada entre as tres avaliacións, do seguinte xeito: a nota da 2ª avaliación vale o dobre que a nota da 1ª av. e a nota da 3ª vale o triplo. O resultado divídese entre 6.

Aprobarán a materia os/as alumnos/as que teñan de media ponderada unha nota =/> 5.

**PROBA DE EXTRAORDINARIA:**

Aqueles/as alumnos/-as que non aproben a materia na avaliación ordinaria, examinaranse de todo o temario na proba extraordinaria:

- Nesta proba haberá un bloque de preguntas dos apartados 1, 2 e 3 e outro sobre o bloque 4 (literatura).
- Para aprobar é necesario sacar unha nota mínima de cinco. Aplicaranse as mesmas penalizacións por erros que nos exames realizados durante o curso. Os mínimos esixidos dos estándares obxecto de preguntas serán os mesmos que os establecidos para os exames do resto do curso.
- Non se farán preguntas sobre as obras de lectura, polo que o exame será sobre 10 puntos